

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2026

Estados Unidos, Arxentina, México, Colombia e Brasil concentran o maior volume de pacientes atendidos

International HM Hospitales atende en 2025 en Santiago a 1.105 pacientes estranxeiros

- O seu equipo está integrado por cinco persoas especializadas, con dominio de varios idiomas e familiarizadas con todos os trámites e procedementos hospitalarios e administrativos que poida precisar un paciente expatriado
- O pasado ano este Servizo participou na convención FairWay 2025, onde os seus responsables estableceron contacto e acordos con operadores turísticos e outras empresas relacionadas co Camiño de Santiago

O Servizo International HM Hospitales atendeu ao longo de 2025 en Santiago de Compostela a un total de 1.105 pacientes estranxeiros, procedentes de 79 países diferentes, a maior parte deles vinculados ao Camiño de Santiago.

Máis aló da atención médica este Servizo tamén presta apoio e acompañamento aos pacientes estranxeiros en todo o que necesiten durante a súa estancia na cidade. Para iso, conta con cinco persoas especializadas, con dominio de diferentes idiomas e familiarizadas con todos os trámites e procedementos, non só hospitalarios, senón de calquera outro tipo que poidan facilitar a vida dos pacientes durante o seu paso polo hospital. Así o explica a responsable de International HM Hospitales en Galicia, Anabel Costa, “para nós, a atención que damos ten que ser moi humana e próxima, porque xa é difícil enfrontarse a un problema de saúde cando estás na túa casa, canto máis se estás lonxe, non coñeces o idioma nin como funcionan as cousas alí. Por iso, nós visitamos aos pacientes cada pouco tempo para ver que necesitan ademais de acompañalos ata o quirófano se están asustados ou senten sós”. A especialista tamén engade que o seu traballo vai máis aló, “desde facilitarlles a adquisición de roupa ou unha entrada para o fútbol para o acompañante, ata a organización da súa repatriación ou a tradución dos seus informes médicos para que llos poidan entregar ao seu doutor cando volvan a casa”.

A maior parte dos pacientes que son atendidos por este Servizo son peregrinos que chegan á cidade despois de facer o Camiño de Santiago. O maior número de pacientes son orixinarios de Estados Unidos, Arxentina, México, Colombia e

Brasil, seguidos de Alemaña, Australia e Irán. “Isto é como a Torre de Babel, por iso contamos cun equipo de persoas moi especializado e con dominio de inglés, francés, alemán, italiano, entre outros idiomas”. A profesional de HM Hospitales explica que teñen un contacto habitual con operadores turísticos, hoteis, universidade e farmacias, que derivan aos pacientes estranxeiros ao Hospital HM Rosaleda, “por exemplo, para un guía turístico, ter un viaxeiro enfermo no grupo é un problema. Aquí atendémolo e, se é posible, tratamos de que poida reincorporarse de novo ao grupo o máis axiña posible, aínda que non sempre é posible”.

O Camiño de Santiago é unha ruta esixente e a motivación persoal fai que, en moitas ocasións, o peregrino non acuda ao médico ata que chega a Compostela. “É importante que saiban que poden recorrer a nós se teñen calquera problema de saúde, por iso en 2025 participamos na convención FairWay, onde establecemos contacto e acordos con máis dunha trintena de operadores e outras empresas relacionadas co Camiño, que acolleron moi favorablemente o servizo que lles presentamos”, indica Anabel Costa.

“Cada un dos pacientes que atendemos ten a súa historia e as súas circunstancias. Este ano, por exemplo, atendemos a unha peregrina norteamericana que fixo o Camiño coas cinzas da súa mellor amiga, co obxectivo de espaxelas nun punto do percorrido. Ao facelo, escorregouse e acabou ingresada. O noso traballo consiste en atendelos en todo o que precisen durante a súa estancia, non só a nivel de xestión hospitalaria e administrativa, senón que tratamos de facerlles o tramo o máis agradable posible, axudalos no que estea na nosa man, escoitalos... E, ao final, o mellor do noso traballo son as cartas de agradecemento que recibimos”, subliña a responsable de International HM Hospitales en Galicia.

HM Hospitales

HM Hospitales é o Grupo hospitalario privado de referencia a nivel nacional, baseando a súa oferta na excelencia asistencial sumada á investigación, a docencia, a constante innovación tecnolóxica e a publicación de resultados.

Dirixido por médicos e con capital 100% español, conta na actualidade con 7.500 traballadores laborais que concentran os seus esforzos en ofrecer unha medicina de calidade e innovadora centrada no coidado da saúde e o benestar dos seus pacientes e familiares.

HM Hospitales está formado por 54 centros asistenciais: 23 hospitais, 3 centros integrais de alta especialización en Oncoloxía, Cardiología, Neurociencias, 5 centros especializados en Medicina da Reprodución, Saúde Ocular, Saúde Bucodental, Medicina Estética e Cirurxía Plástica e Prevención Precoz Personalizada, ademais de 23 policlínicos. Todos eles traballan de maneira coordinada para ofrecer unha xestión integral das necesidades de saúde dos seus pacientes.

Departamento de Comunicación HM Hospitales

Irene Montero Díaz



981 21 66 77



647 56 48 65



irenemontero@octo.es



www.hmhospitales.com